Edificio Adminivo. San Caetano s/n
15781- Santiago de Compostela

RESOLUCIÓN

***Asunto**: Solicitude de acceso a información pública*
***Interesado/a:** Miguel Angel Delgado González*
***Procedimiento**: PR100A*

Vista a solicitude de acceso á información pública presentada o 16 de agosto de 2019 por Miguel Ángel Delgado González, con DNI núm. 32413124Y con domicilio na rúa Juán Castro Mosquera, 28, 2º, 15005 A Coruña, que deu lugar ao inicio do procedemento para o exercicio do dereito de acceso a información, dítase a presente resolución en base aos seguintes,

FEITOS

PRIMEIRO- O 10 de outubro de 2018, Miguel Ángel González Delgado presentou un escrito de recusación da secretaria xeral de Medios en relación coa presentación dunha serie de escritos de Miguel Ángel González Delgado e da entidade PLADESEMAPESGA, que posteriormente amplía o día 19 de outubro, a unha serie de pretendidas competencias, funcións e actuacións atribuíbles, a maior parte delas, á Secretaría Xeral de Medios, que se relacionan no Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas polo que se estima a recusación e no que se nomea como substituto ao subdirector xeral de Réxime Xurídico, da Secretaría Xeral de Medios.

SEGUNDO - O 16 de agosto de 2019, Miguel Ángel González Delgado presentou un escrito de solicitude de acceso a información pública.

Analizada a solicitude de acceso á información pública formulada e visto que a información que solicita entra dentro do ámbito das funcións da Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios segundo o artigo 3 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes de Presidencia da Xunta de Galicia, solicitouse a documentación á dita Subdirección.

TERCEIRO - A Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios remitiu informe de data 11 de setembro de 2019, segundo o que:

" ASUNTO: RESPOSTA A SOLICITUDE DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE RÉXIME XURÍDICO DA SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS

ANTECEDENTES

Primeiro.

CVE: 31HiugwUP1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O 12.11.2018 a Subdirección Xeral de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral e Medios remitiu a esta subdirección xeral unha solicitude o acceso a información pública presentado por Miguel Angel Delgado González, con DNI 32413124, para o seu informe. O 19.11.2019 emitiuse informe que serviu de base á Resolución do 28.12.2018.

Segundo.

O 10.09.2019 a Subdirección Xeral de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral de Medios solicita se lle de traslado dos contratos correspondentes ás adxudicacións referidas no informe do 19.11.2018.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Se actualiza o informe base do 19.11.2018 a data da Resolución do 28.12.2018 nos seguintes termos:

Primeiro. *Campañas de comunicación*

Se inclúen dous novos plans de medios de campañas de comunicación que a data do anterior informe non estaban executados e que foron subscritos mediante contrato con C Grupo de Empresas de Comunicación, Marketing e Investigación, SA.:

a) Contratos derivados de Acordo Marco 2017-2018 de campañas:

DESCRICIÓN	***PERFIL DO CONTRATANTE***
Campaña 25 de novembro, día internacional contra a violencia de xénero (2018)	*https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=422908*
Campaña 3 de decembro, día internacional das persoas con discapacidade (2018)	*https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=428322*

Segundo. Creatividades

CVE: 31HiugwUP1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O Sr. Miguel Delgado solicita informacións das campañas de publicidade e de promoción que realizou a Secretaría Xeral de Medios, que son as enumeradas no punto anterior. Aínda que o solicitante non fai referencia a outros aspectos que poidan ter relación con estas campañas, considérase que poden incluírse os contratos de creatividade, en aras de subministrar a máxima información e acadar a máxima transparencia.

Neste senso os contratos de creatividade subscritos con C Grupo de Empresas de Comunicación, Marketing e Investigación, SA. son os seguintes:

Contratos derivados do Acordo Marco 2017-2018 de creatividade:

DESCRICIÓN	***PERFIL DO CONTRATANTE***
Creatividade para campaña de promoción de recursos turísticos, naturais, culturais e gastronómicos de Galicia (2017)	*https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=179604*
Creatividade para campaña sobre seguridade viaria en Galicia	*https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=224983*
Creatividade para unha campaña de comunicación sobre paisaxismo (2018)	*https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=279904T*

Terceiro. Contratos

Achégase copia dos contratos ansinados e relacionados neste informe e no informe do 19.11.2018.

Cuarto. Período.

Os datos subministrados refírense ao período comprendido entre o 1.01.2013 e o 28.12.2018

CVE: 31HiugwUP1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O informe do 19.11.2018 mantense nos seus propios termos, agás nas actualizacións referidas anteriormente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019. O Subdirector Xeral de Coordinación e Xestión de Medios.Santiago Lago Fernández"

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO- Competencia

De conformidade co artigo 27.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no ámbito do sector público autonómico, a competencia para a resolución da solicitude de acceso a información relativa a comunicación audiovisual corresponderá á persoa titular da secretaría xeral de Medios.

Non obstante, de conformidade co Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas, polo que se admite o incidente de recusación formulado polo interesado, a competencia para resolver este procedemento administrativo corresponderá ao subdirector xeral de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral de Medios.

SEGUNDO- Normativa aplicable

- Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

- Orde do 3 de marzo de 2016 pola que se aproba o modelo normalizado de solicitude de acceso á información pública da Administración xeral e das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia.

- Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes de Presidencia da Xunta de Galicia.

TERCEIRO- Prazo

De conformidade co artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, *"a resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse, á persoa solicitante e aos terceiros afectados que así o solicitaran, o antes posible e, como máis tarde, no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver".*

CVE: 31HiugwUP1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

De conformidade co establecido nos artigo 26 e 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e de acordo co informado pola Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios,

RESOLVO

Primeiro - Ampliar a Resolución de data 28 de decembro de 2018, notificada a Miguel Angel Delgado González no mesmo día, nos termos do informe emitido pola Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios que se reproduce no contido desta resolución.

Segundo- Remitir copia da documentación relacionada na Resolución do 28 de decembro de 2018 e a relacionada no informe que da base a esta Resolución de ampliación.

Contra esta resolución, que pon fin a la vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ou, previa e potestativamente, poderase interpoñer reclamación ante a Valedora do Pobo no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Notifícaselle esta resolución a Miguel Ángel Delgado González, DNI núm. 32413124Y, segundo o esixido nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica que figura á marxe.

A secretaria xeral de Medios

(por substitución, segundo Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas)

O subdirector xeral de Réxime Xurídico

Enrique González Murga

Asinado por: GONZALEZ MURGA, ENRIQUE
Cargo: Subdirector Xeral de Réxime Xurídico
Data e hora: 18/09/2019 11:52:41

CVE: 31HiugwUP1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve